

## COMPRA DE VIVENDA

O 2 de febreiro publícase no DOG a **Resolución do 13 de xaneiro de 2021** pola que se convocan as axudas para a adquisición de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 para o ano 2021 (código de procedemento VI435A).

### Persoas beneficiarias.

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas maiores de idade que, **tendo menos de 35 anos** na data de presentación da correspondente solicitude, reúnan os requisitos esixidos na Resolución.

Ter subscrito con **posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 un contrato** privado ou, de ser o caso, unha escritura pública **de adquisición dunha vivenda**, que reúna os seguintes requisitos:

- Que a vivenda estea localizada **nun concello** pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia **de menos de 5.000 habitantes**.
- **Que o prezo de adquisición** da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, **sexa igual ou inferior a cen mil euros**.
- Que se trate dunha **vivenda xa construída**. Para estes efectos, admitiranse tanto as vivendas novas como as usadas.

Así mesmo, **poderán solicitar as citadas axudas aquelas persoas que presentasen unha solicitude de subvención** ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se convocaron as subvencións para a adquisición de vivenda xestionadas polo IGVS para o **ano 2020** (DOG núm. 23, do 4 de febreiro de 2020), **e lles fose denegada por esgotamento do crédito previsto na convocatoria**.

### Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e **rematará o 1 de setembro de 2021** e, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario, que será publicado no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.